Sobre como valora a Xunta de Galicia as dificultades asistenciais que están a suceder na atención primaria a veciños/as da Laracha, así como a previsión que se ten sobre a cobertura de profesionais para atender o Centro de Saúde e o PAC da Laracha

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 61002 (10/POC-009617)

Grupo Parlamentario Mixto

Vázquez Verao, Paula

Sobre a situación dos traballos de recuperación e mellora dos hábitats mariños

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 61004 (10/POC-009618)

Grupo Parlamentario Mixto



Rodríguez Estévez, David

Sobre os efectivos que se dispuxeron para a extinción do incendio ocorrido o día 1 de xaneiro na parroquia de San Salvador do Mao

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 61005 (10/POC-009619)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Moreira Ferro, Jacobo e 8 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia en relación co proxecto de dragaxe do río Lérez en Pontevedra

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 61008 (10/POC-009620)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre as previsións do Goberno galego en relación co cuartel de San Fernando de Lugo

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 61009 (10/POC-009621)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre as instalacións deportivas de carácter municipal e o Rexistro de Instalacións Deportivas de Galicia

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 61010 (10/POC-009622)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre os bens mobles e inmobles de titularidade pública e privada que acabaron no patrimonio persoal de Franco e da súa familia

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 61011 (10/POC-009623)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre as inmatriculacións realizadas pola Igrexa católica desde o ano 1998

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 61012 (10/POC-009624)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre as previsións do Goberno galego en relación coa oficialización da data do 17 de agosto como Día da Galicia Mártir, así como as actuacións encamiñadas á rehabilitación pública e política de Alexandre Bóveda e de todas as vítimas galegas da ditadura franquista

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior



- 61013 (10/POC-009625)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre as previsións do Goberno galego en relación coa elaboración dunha macroenquisa galega sobre a incidencia da violencia de xénero ao longo do ciclo da vida das persoas

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 61015 (10/POC-009626)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto dos sectores agrícola e gandeiro para a prevención do abastecemento de auga en períodos de seca continuada

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 61017 (10/POC-009627)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre a valoración que fai o Goberno galego do impacto que pode ter para o noso medio rural o tratado con Mercosur e as medidas que ten tomado ou pensa tomar ao respecto

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 61018 (10/POC-009628)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre o achado dunha excepcional sauna da Idade do Ferro no concello de Cervo (A Mariña) e as medidas que ten previsto adoptar a Xunta de Galicia para a súa excavación, estudo e protección

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 61019 (10/POC-009629)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre o modelo de xestión dos comedores escolares e as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia ao respecto

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 61021 (10/POC-009630)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Solla Fernández, Eva

Sobre os problemas derivados de ter en réxime de concesión o Servizo das urxencias sanitarias do 061

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 61026 (10/POC-009631)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis

Sobre as actuacións da Xunta de Galicia para combater o problema do anisakis

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo



- 61029 (10/POC-009632)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis

Sobre a valoración que fai o Goberno galego da implementación da política de descartes cero que establece a Política pesqueira común da Unión Europea, e as xestións e traballos realizados para minorar a afectación á nosa frota

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 61031 (10/POC-009633)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis

Sobre o balance que fai a Consellería do Mar do esforzo investidor acometido nos últimos anos polo ente público Portos de Galicia, e sobre os principais investimentos, desagregados por obras, subministracións, servizos e convenios

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 61032 (10/POC-009634)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis

Sobre as medidas que está a tomar a Xunta de Galicia para establecer vías que permitan a remuda xeracional no sector pesqueiro

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 61033 (10/POC-009635)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis

Sobre os medios materiais e humanos dispoñibles pola Consellería do Mar para o control do furtivismo e as medidas adoptadas para este fin

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 61036 (10/POC-009636)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis

Sobre o balance que fai a Xunta de Galicia da aplicación do Plan Camgal no Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas e as principais vantaxes das previsións contidas para este espazo

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 61037 (10/POC-009637)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis

Sobre a proposta de mellora da sinalización luminosa dos accesos aos peiraos e das bateas que se encontran nas proximidades, feita por Portos de Galicia

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 61039 (10/POC-009638)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia



Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis

Sobre a valoración que fai a Xunta de Galicia en relación coa situación dos plans locais contra a contaminación mariña accidental nos concellos costeiros de Galicia

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 61041 (10/POC-009639)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis

Sobre os resultados acadados na última convocatoria de axudas para a mellora da eficiencia enerxética nas lonxas e o balance que fai a Xunta de Galicia da evolución das últimas convocatorias de axudas para acadala

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 61043 (10/POC-009640)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis

Sobre os resultados acadados na última convocatoria de axudas para a mellora da xestión e conservación dos recursos mariños e dos seus ecosistemas e o balance que fai a Xunta de Galicia das últimas convocatorias de axudas para conseguir esta mellora

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 61045 (10/POC-009641)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e Pierres López, María Luisa

Sobre a situación da aplicación da gratuidade para toda Galicia da tarifa Xente Nova no transporte público interurbano da competencia da Xunta de Galicia e previsións ao respecto

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 61049 (10/POC-009642)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rey Varela, José Manuel e 7 máis

Sobre a evolución da mellora das zonas produtivas que conforman a ría de Ferrol nos últimos anos como consecuencia dos investimentos feitos en materia de saneamento da ría

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 61051 (10/POC-009643)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Núñez Centeno, Aurelio Alfonso e 7 máis

Sobre as actuacións que está levando a cabo Portos de Galicia de cara a mellorar a seguridade no porto de Malpica

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 61053 (10/POC-009644)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre a vaga de intoxicacións alimentarias en diversas escolas infantís

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego



- 61054 (10/POC-009645)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre a situación de colapso no Servizo de urxencias do HUAC

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 61055 (10/POC-009646)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis

Sobre o balance que fai a Xunta de Galicia da xestión do xurelo ao longo de 2019 e as demandas que ten realizado en relación coas medidas dispostas pola Secretaría Xeral de Pesca ao respecto

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 61059 (10/POC-009647)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 2 máis

Sobre os proxectos presentados para a convocatoria de obradoiros de emprego para menores de 30 anos

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 61062 (10/POC-009648)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre a aplicación do plan de erradicación e control da da *Cortaderia selloana* ou herba da Pampa en Galicia e sobre a existencia dun apartado específico respecto da situación dos polígonos industriais de Galicia

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 61064 (10/POC-009649)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 4 máis

Sobre o cumprimento, por parte do Goberno galego, do artigo 105 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, para os concellos da provincia de Pontevedra

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 61065 (10/POC-009650)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre o número de denuncias tramitadas, expedientes abertos e resolucións ditadas sobre temas ambientais e sobre cans perigosos en cada provincia de Galicia

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 61067 (10/POC-009651)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis



Sobre o nivel de cumprimento do Plan de saneamento 2000-2015 e previsións para a posta en funcionamento na parroquia de Ribadetea

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 61069 (10/POC-009652)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre a situación sanitaria do concello de Cerdedo-Cotobade

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 61070 (10/POC-009653)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Pérez Seco, José Manuel

Sobre a valoración que fai o Goberno galego da situación derivada dos cortes na subministración eléctrica provocados polos temporais ocorridos no mes de decembro e as medidas que vai adoptar respecto das empresas eléctricas que tardaron varias horas en restablecer a subministración, así como para minimizar as consecuencias dos danos sufridos

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 61073 (10/POC-009654)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 3 máis

Sobre a partida xenérica da Consellería de Política Social, no Proxecto de orzamentos da Xunta de Galicia para 2020, na que se inclúe a reforma da Residencia do Maior de Pontevedra, sita no barrio de Campolongo

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 61076 (10/POC-009655)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 3 máis

Sobre a partida xenérica da Consellería de Política Social, no Proxecto de orzamentos da Xunta de Galicia para 2020, na que se inclúe a reforma do centro de menores Avelino Montero, en Pontevedra

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 61082 (10/POC-009657)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis

Sobre a oferta formativa nos centros de formación integral nas diferentes especialidades de mecánica naval, de pesca e de transporte marítimo para o longo deste curso, o orzamento previsto para este fin e a valoración que fai a Xunta de Galicia da evolución do número de matrículas nestes centros de formación dependentes da Consellería do Mar, e, en xeral, nos portos de titularidade autonómica

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 61086 (10/POC-009659)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María de la Concepción e 2 máis



Sobre a valoración que fai a Consellería de Cultura e Turismo do campamento romano atopado no castro de Santa Baia na Laracha, as actuacións realizadas ao respecto e as previsións para profundar na investigación sobre o campamento e para a súa posta en valor
Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 61088 (10/POC-009660)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre a necesidade de negociar o réxime xurídico e retributivo das matronas de Atención Primaria
Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 61089 (10/POC-009661)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre a supresión do servizo de pediatría nos concellos de San Sadurniño, Moeche, Cerdido e As Somozas

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 61090 (10/POC-009662)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre a situación de conflictividade existente no Centro de Saúde de Mugardos por mor da non substitución do persoal e as medidas que se prevén para garantir a cobertura das ausencias do persoal

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 61091 (10/POC-009663)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para acadar a autosuficiencia de Galicia en materia de produción e subministración de semente de moluscos bivalvos para o impulso da actividade marisqueira

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 61093 (10/POC-009664)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre a situación dos bancos de libre marisqueo da ría de Arousa

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 61094 (10/POC-009665)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre a semente de moluscos bivalvos con destino aos bancos marisqueiros galegos que se importa cada ano

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo



- 61096 (10/POC-009666)

Grupo Parlamentario Mixto

Vázquez Verao, Paula e Villares Naveira, Luis

Sobre as actuacións realizadas pola Xunta de Galicia para que a Policía Nacional dispoña dunha web en lingua galega

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 61097 (10/POC-009667)

Grupo Parlamentario Mixto

Vázquez Verao, Paula

Sobre a ausencia de información ás e aos facultativos do SERGAS sobre as condicións de financiamento dos fármacos para o tratamento do tabaquismo e a posta en marcha do programa de apoio de deshabitación tabáquica

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 61098 (10/POC-009668)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre a situación de precariedade do persoal das residencias dependentes da Consellería de Política Social

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 61100 (10/POC-009669)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Sánchez García, Antón e Cal Ogando, Marcos

Sobre a situación da canteira de Casalonga, en Teo

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 61101 (10/POC-009670)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Sánchez García, Antón e Cal Ogando, Marcos

Sobre a situación ambiental da ría de Ortegá

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 61102 (10/POC-009671)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Sánchez García, Antón e Cal Ogando, Marcos

Sobre que balance fai o Goberno galego dos resultados destes tres anos de Programa de Vivendas Baleiras, cal cre que debe de ser o número de vivendas do parque público de alugueiro social, como pensa dar resposta aos 10 mil demandantes de alugueiro, así como as medidas que creen prioritarias para garantir o dereito de todas as galegas e galegos a unha vivenda digna

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 61103 (10/POC-009672)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Sánchez García, Antón e Cal Ogando, Marcos



Sobre cales son as razóns que explican a baixada na produción de produtos hortícolas, así como se considera necesario elaborar e aprobar dun xeito participativo un plan de fomento da horticul-tura galega co obxectivo de reverter esta dinámica creando oportunidades de futuro no agro ga-lego

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 61108 (10/POC-009673)

Grupo Parlamentario Mixto

Vázquez Verao, Paula

Sobre se a Xunta de Galicia vai cumprir co pacto de financiamento da Orquestra Sinfónica de Galicia, se vai aumentar os seus fondos, que opinión lle merece a súa situación actual, así como se vai evitar o seu desmantelamento

Comisión 4ª, Educación e Cultura

2º. Dar conta desta resolución na próxima reunión da Mesa que teña lugar.

3º. Publicar esta resolución no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 8 de xaneiro de 2020

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente



Á MESA DO PARLAMENTO

Antón Sánchez García e Marcos Cal Ogando, deputados do Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7.^a**

A finais de setembro deste mesmo ano o Pleno do Concello de Mos aprobou cos votos favorables do Partido Popular a modificación puntual do seu PXOM para facilitar o proxecto de cidade deportivo-comercial do Celta de Vigo, que supón a recalificación de 864.000 m² de terreo, a metade deles monte comunal e a maioría solo de especial protección forestal con instrumentos de ordenación aprobados.

Xa está en consulta pública por un prazo de 2 meses o documento ambiental estratéxico e o borrador do *Plan especial de infraestruturas e dotacións para instalacións deportivas do Real Club Celta de Vigo*.

Ademais das instalacións deportivas, prevense 142.000 m² de superficie comercial en planta, segundo indicado polos promotores “para garantir a viabilidade económica da área dotacional deportiva”.

Neste procedemento o Concello de Mos recorreu a unha figura urbanística que de aprobarse definitivamente implicará a expropiación dos terreos por parte da administración para a súa entrega ao Celta.

Este proxecto non se xustifica nin dende o punto de vista do interese xeral, nin dende a racionalidade, ou da sustentabilidade.

Só se xustifica dende o punto de vista de favorecer o negocio privado dende as institucións públicas.



GRUPO COMÚN DA ESQUERDA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/01/2020 11:44:44
Nº Rexistro: 60930
Data envío: 07/01/2020 11:44:44.436

O que se pretende é expropiar barato solo rústico, propiedade na súa maioría de comunidades de montes, e superficie forestal con instrumento de ordenación aprobados, para despois construír 142.000 m² de superficie comercial para que unha empresa privada faga un suculento negocio por riba da vontade da comunidade de montes de Tameiga e por riba da preservación dos valores ambientais do monte.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda presenta a seguinte pregunta para a súa resposta oral en comisión:

- Cal é a valoración que fai o Goberno galego de dito proxecto e da modificación puntual aprobada polo Pleno do Concello de Mos?

Santiago de Compostela, 7 de xaneiro de 2020.

Asdo.: Antón Sánchez García

Marcos Cal Ogando

Deputados do G.P. do Grupo Común da Esquerda.

Asinado dixitalmente por:

Antón Sánchez García na data 07/01/2020 11:08:53

Marcos Cal Ogando na data 07/01/2020 11:09:01



Á MESA DO PARLAMENTO

Antón Sánchez García e Marcos Cal Ogando, deputados do Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7.^a**, sobre as medidas para o control da sobrepoboación do xabaryl no territorio galego.

Produciuse unha sobrepoboación da masa do xabaryl no noso país que xera danos duns 15 millóns de euros anuais no sector agrícola, e que causa xa 2500 accidentes ao ano nos viarios galegos.

A pesar de que os danos causados polos xabarís están cifrados entorno a 15 millóns de euros anuais, as indemnizacións que achega a Xunta de Galicia son de 600.000 euros. Isto quere dicir que máis de 14 millóns están asumidos polo sector agrícola.

A Directora Xeral de Patrimonio Natural Belén do Campo, anunciou o plan de medidas de control do xabaryl, que permite a caza sen límites de cupo de ambos sexos no período de caza que abranguerá ata o 29 de febreiro de 2020.

Esta medida abarca a 33 concellos, 76 tecores e 10 zonas libres, é dicir case un 42% da superficie de Galicia.

Esta medida faise acolléndose ao Decreto 284/2001, do 6 de novembro, polo que se aproba o regulamento de caza, no que se fixa a zona de Emerxencia Cinexética temporal.

Permitirase a caza durante todos os días da semana, salvo nas zonas libres nas que se especifican certas salvedades no relativo aos días permitidos: así no período que abrangue ata o 6 de xaneiro de 2020, poderán realizarse cazarías de



xabaril o luns, martes, mércores, venres e sábados, sempre que non sexan festivos; e desde o 7 de xaneiro ao 29 de febreiro de 2020, ambos incluídos, poderán efectuarse cacerías os luns, martes, mércores e venres, sempre que non sexan festivos.

Ante unha medida da excepcionalidade como a referida, con derivadas directas en situación de inseguridade débese ter o máximo escrúpulo por parte das administracións. O máximo escrúpulo en materia de control, tanto para garantir a seguridade da cidadanía, como para determinar a súa efectividade e os límites necesarios para dita situación de excepcionalidade.

Por outra banda, ante unha problemática destas dimensións, é preciso incidir nas causas para evitar situacións a futuro. Polo que se entende prioritario diagnosticar cales son as masas poboacionais do xabaril en Galicia e atender a unha axeitada xestión ambiental dos nosos montes. É necesario promover as capacidades de autoregulación dos ecosistemas a través dunha aposta decidida polo bosque autóctono, pois tal como recoñeceu a propia Directora Xeral de Patrimonio Natural, Belén do Campo, as zonas de maleza son idóneas para unha cría e asentamento descontrolado de xabarís, pois atopan refuxio e, en ocasións, están preto de zonas de produción agrícola ou urbanas o que propicia a súa incursión na procura de alimento.

Por todo isto, o Grupo Común da Esquerda amosa a súa preocupación ante a problemática derivada da sobrepoboación das masas de xabaril, así como polas medidas tomadas pola Xunta de Galicia, polo que presenta as seguintes Preguntas:



GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

1. Teñen pensado tomar medidas para que a administración, a través de persoal técnico especializado, acometa a regulación a futuro das masas poboacionais de xabarís usando metodoloxía máis segura para a cidadanía?
2. Teñen prevista algunha medida para aqueles concellos e zonas xeográficas onde non haxa particulares para resolver a problemática?
3. Antes de declarar a Emerxencia Cinexética estableceron algunha medida de control para diagnosticar a masa poboacional do xabaril antes e despois das medidas derivadas de dita declaración?
4. Está prevista a elaboración dalgunha guía técnica para determinar e analizar cales son as accións idóneas para a regulación das masas poboacionais do xabaril?
5. Elaboraron algún protocolo para garantir a seguridade nos nosos montes, ante o incremento de inseguridade que leva aparellada unha apertura de tal magnitude dos permisos de caza?
6. Está previsto que a Xunta de Galicia poña a disposición partidas orzamentarias para indemnizacións que garantan a totalidade dos danos xerados pola sobrepoboación do xabaril no sector agrícola, así como flexibilizar os requisitos temporais para a reclamación dos danos?

Santiago de Compostela, 7 de xaneiro de 2020.

Asdo.: Antón Sánchez García

Marcos Cal Ogando

Deputados do G.P. Grupo Común da Esquerda.



GRUPO COMÚN DA ESQUERDA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/01/2020 11:45:20
Nº Rexistro: 60932
Data envío: 07/01/2020 11:45:20.936

Asinado dixitalmente por:

Antón Sánchez García na data 07/01/2020 10:51:52

Marcos Cal Ogando na data 07/01/2020 10:52:01

CSV: BOPGDSPGJGNgDmXqN9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentar
Grupo Común da Esquerda

+ 981 551 584
gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal

Á Mesa do Parlamento

Martín Fernández Prado, Jaime Castiñeira Broz, Jacobo Moreira Ferro, Antonio Mouriño Villar, M^a Julia Rodríguez Barreira, Gonzalo Trénor López e Daniel Varela Suanzes-Carpegna, deputados e deputada do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 2^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servicios**.

O Executivo galego, a través da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, está a desenvolver un ambicioso Plan de Sendas en distintas comarcas galegas.

Trátase dun plan que concreta a construción, ao longo de distintas fases, de 170 novos quilómetros de novas sendas seguras, sostibles e integradas na paisaxe en distintas estradas autonómicas.

Un compromiso que foi recollido no programa electoral co que o Partido Popular de Galicia obtivo a confianza maioritaria do pobo galego e que está a efectivizarse con actuacións concretas desde o Goberno autonómico.

O Plan de Sendas de Galicia prevé todo un conxunto de actuacións planificadas sobre o conxunto do territorio da Comunidade, encamiñadas a reforzar a seguridade viaria de peóns e ciclistas e a ofrecerlle aos cidadáns modos de desprazamento menos contaminantes e alternativos á utilización do vehículo particular.

Un plan que, estamos convencidos, está a supoñer unha mellora substancial no reforzo da seguridade viaria nas estradas autonómicas que son obxecto de actuacións e que redundará tamén no incremento da calidade de vida de todos os galegos.

Por todo isto, os deputados asinantes formulan as seguintes preguntas para a súa resposta en **Comisión**:

1. Cal é o grado de desenvolvemento actual do Plan de Sendas de Galicia?
2. En que comarcas está máis avanzando?
3. Cales son as actuacións máis singulares, pola súa lonxitude ou funcionalidade, que se teñen executado ata o momento?

Santiago de Compostela, 07 de xaneiro de 2020.

Asinado dixitalmente por:

Martín Fernández Prado na data 07/01/2020 11:34:31

Jaime Castiñeira Broz na data 07/01/2020 11:34:58

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



Jacobo Moreira Ferro na data 07/01/2020 11:35:16

Antonio Mouriño Villar na data 07/01/2020 11:35:27

María Julia Rodríguez Barreira na data 07/01/2020 11:36:11

Gonzalo Trenor López na data 07/01/2020 11:36:21

Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 07/01/2020 11:37:18

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Vázquez Verao e Luís Villares Naveira, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario Mixto**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 5ª**.

En Marea defende o dereito a morrer con dignidade, polo que ten rexistrada nesta Cámara unha Proposición de lei de reforma da Lei Orgánica 10/95 de 23 de novembro, do Código Penal, para a despenalización da eutanasia e axuda ao suicidio.

En Galicia, a denominada morte digna regúlase na lei 5/2015, do 26 de xuño, de dereitos e garantías da dignidade das persoas enfermas terminais, unha lei que está sen desenvolver e que, polo tanto, non garante os dereitos que recoñece.

No noso País, foi Ramón Sampedro e o seu testemuño quen abriu un gran debate social e aumentou a conciencia sobre a interrelación da dignidade e a liberdade como fundamentais na procura da morte digna -máis aló do concepto de morte sen dor-, como elemento esencial nunha sociedade democrática.

Nun marco legal no que non está aínda despenalizada a eutanasia e a axuda ao suicidio, no que aínda non está garantida a autodeterminación da persoa en relación ao momento do final da súa vida, Galicia dotouse dunha lei que regula determinados aspectos para garantir a dignidade das persoas enfermas terminais e que nin sequera de cumpre na actualidade.

A Asociación Dereito a Vivir Dignamente vén de denunciar novamente a escasa implantación desta lei galega e solicitar unha reunión co Conselleiro de Sanidade, petición non atendida dende febreiro de 2019. Catro anos despois da



aprobación do texto legal, a súa implantación –denuncia este colectivo– é “insuficiente e desigual”.

Por outra parte, durante as XIII Xornadas Internacionais da Sociedade Española de Coidados Paliativos (Secpal) e o IX Xornadas da Sogacopal, organizadas en colaboración coa Associação Portuguesa de Coidados Paliativos (APCP), en outubro de 2019, en Santiago, profesionais de coidados paliativos reivindicaron unha regulación homoxénea en todo o territorio estatal e máis dotación para os equipos, por estar "infradotados", sendo un exemplo de pouca dotación o noso País.

A Lei 5/2015 establece que “o Sistema de saúde galego, respectando o dereito da persoa a decidir onde quere vivir a súa última etapa, garantirá que, tanto no seu domicilio coma nun centro sociosanitario ou nun centro hospitalario, reciba unha atención sanitaria de calidade en relación cos coidados sanitarios ao final da vida”, sendo o seu obxecto (artigo 1) “o respecto á calidade de vida e á dignidade das persoas enfermas terminais.” Entre os principios da lei está “garantir o dereito das persoas no proceso final da súa vida a recibir coidados paliativos integrais e un tratamento axeitado tanto para o proceso físico coma para os problemas emocionais, espirituais ou sociais.”

En primeiro lugar, esta lei non foi divulgada entre a cidadanía para permitir o rexistro de instrucións previas ou testamento vital nin é dada a coñecer ás persoas enfermas terminais.

Tampouco se garante de xeito xeneralizado o dereito á estancia nun cuarto individual nos centros e institucións sanitarias para aqueles pacientes en situación terminal.

Hai anos instaurouse de modo pouco definido e desigual a figura de profesionais referentes en coidados paliativos por cada servizo de Atención Primaria. Estes profesionais formábanse no seu tempo libre e asumían, a maiores da súa carga asistencial, a función de servir de soporte técnico cualificado ás súas



compañeiras e compañeiros do centro de saúde cando un paciente requería cuidados paliativos con certa dificultade.

A Asociación Dereito a Vivir Dignamente sinala que a falta de interese da Xunta por desenvolver a lei “ten consecuencias: unha maior carga de sufrimento para as persoas que, en situación de fragilidade durante o seu proceso de morrer, atopan dificultades para que se respecten os dereitos que teñen recoñecidos”,

Polo exposto, a deputada e o deputado que subscriben formulan a seguinte pregunta á Xunta de Galicia, para a súa resposta oral na Comisión 5ª:

1. Cando se vai reunir o Conselleiro de Sanidade coa Asociación Dereito a Vivir Dignamente?
2. Vai a Xunta implicarse activamente no desenvolvemento da Lei 5/2015?
3. Como se desenvolveu a Lei 5/2015 en cada unha das EOXI?
4. Cales son os recursos asistenciais actuais en Atención Primaria e Especializada en cuidados paliativos?
5. Como vai garantir a Xunta a cobertura do 100% do territorio con HADO e cuidados paliativos no domicilio prestados dende Atención Primaria coa sobrecarga de traballo que hai actualmente na Atención Primaria?
6. Que actuacións se levaron a cabo para desenvolver a Disposición adicional única sobre difusión e promoción da lei 5/2015?
7. Como garante o SERGAS os dereitos das persoas ante o proceso da morte, regulados no Título I da lei?

Santiago de Compostela, 7 de xaneiro de 2020.



Asdo.: Paula Vázquez Verao

Luís Villares Naveira

Deputada e deputado do G.P. Mixto.

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 07/01/2020 11:50:40

Luis Villares Naveira na data 07/01/2020 11:50:44



Á Mesa do Parlamento

M^a Julia Rodríguez Barreira, Martín Fernández Prado, Jaime Castiñeira Broz, Jacobo Moreira Ferro, Antonio Mouriño Villar, Gonzalo Trénor López e Daniel Varela Suanzes-Carpegna, deputada e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte pregunta para a súa resposta oral en **Comisión 2^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servicios**.

Desde hai anos, todas as actuacións en materia de estradas da Xunta de Galicia teñen como un dos seus obxectivos prioritarios o reforzo da seguridade viaria nas estradas da súa titularidade.

A este obxectivo responden distintas medidas e plans que o Goberno galego vén desenvolvendo nos últimos anos, como poden ser o Plan de reforzos de firme, o Plan de Sendas de Galicia ou o Programa específico de seguridade e inspección das pontes e obras de paso.

Máis recentemente, o traballo da Xunta tamén se está a centrar no desenvolvemento da Estratexia de eliminación dos treitos de concentración de accidentes nas estradas autonómicas: unha medida coa que o Goberno galego atende a resolución aprobada neste Parlamento no marco do Debate Anual de Política Xeral celebrado en outubro de 2017 e coa que ten previsto actuar en todos os treitos de concentración de accidentes identificados na rede de estradas autonómicas na actual lexislatura.

O Goberno do Estado, como titular dunha ampla rede de estradas na nosa Comunidade, tamén debería adoptar medidas e activar un programa similar ao que vén aplicando a Xunta nas estradas da súa competencia, para eliminar os chamados puntos negros nas estradas estatais, bastante abundantes na nosa Comunidade. De feito, segundo un estudo recente, o treito máis perigoso da rede viaria estatal atópase en Galicia, concretamente na provincia de Ourense, na N-541.

Co propósito de coñecer de xeito detallado o estado de tramitación actual, o avance dos distintos proxectos e os investimentos previstos no marco da Estratexia da Xunta de eliminación dos treitos de concentración de accidentes, e tamén para saber se ten constancia de que desde o Goberno español se está a facer algo similar nas estradas de competencia estatal, os deputados asinantes formulamos as seguintes preguntas para a súa resposta en **Comisión**:

1. Cal é o grado de desenvolvemento actual da Estratexia de eliminación dos treitos de concentración de accidentes identificados nas estradas autonómicas?
2. Que actuacións concretas ten previsto levar a cabo o Goberno galego no marco deste plan?





**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/01/2020 11:58:09
Nº Rexistro: 60937
Data envío: 07/01/2020 11:58:09.879

3. A canto ascenden os investimentos previstos para a eliminación dos treitos de concentración de accidentes identificados na rede autonómica de estradas?

4.- Coñece a Xunta se o Goberno español está a adoptar medidas similares nas estradas de titularidade estatal?

Santiago de Compostela, 7 de xaneiro de 2020.

Asinado dixitalmente por:

María Julia Rodriguez Barreira na data 07/01/2020 11:48:28

Martín Fernández Prado na data 07/01/2020 11:48:41

Jaime Castiñeira Broz na data 07/01/2020 11:48:56

Jacobo Moreira Ferro na data 07/01/2020 11:49:10

Antonio Mouriño Villar na data 07/01/2020 11:49:30

Gonzalo Trenor López na data 07/01/2020 11:49:39

Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 07/01/2020 11:49:49

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

CSV: BOPGDSPGJGNgDmXq9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

María Antón Vilasánchez, Paula Prado del Río, Diego Calvo Pouso, Martín Fernández Prado, Jaime Castiñeira Broz, Jacobo Moreira Ferro, Antonio Mouriño Villar, M^a Julia Rodríguez Barreira, Gonzalo Trénor López e Daniel Varela Suanzes-Carpegna, deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 2^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servicios.**

Santiago de Compostela, meta dos Camiños de Santiago recibe cada ano miles de peregrinos que, por calquera das rutas xacobeas, se achegan á tumba do Apóstolo.

A peregrinación é unha viaxe persoal e interior a través dun territorio físico que pode condicionar a percepción da propia peregrinación.

En consecuencia, o Partido Popular de Galicia incluíu no programa electoral co que obtivo a confianza maioritaria dos galegos en setembro de 2016, o seguinte compromiso: *“Posta en valor e integración paisaxística dos Camiños de Santiago na entrada a Compostela, para o ano 2020 (porque o ano 2021 será de novo Ano Xubilar)”*; engadindo que *“se desenvolverán as actuacións necesarias e baseadas en criterios paisaxísticos, urbanísticos, culturais, socioeconómicos e de loxística urbana, porque hai que potenciar as oportunidades e os valores actuais dos Camiños de Santiago, e tamén dar resposta ás necesidades do peregrino do século XXI. Para lograr a efectividade destes investimentos sustentables, impulsaranse fórmulas de coordinación transversal entre os diferentes órganos da Xunta de Galicia, da Administración Xeral do Estado e da Administración local”*.

En cumprimento dese compromiso, a Xunta de Galicia, desde a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, a través da Axencia Galega de Infraestruturas, está a impulsar e traballar na integración paisaxística dos Camiños de Santiago no termo municipal de Santiago de Compostela, particularmente no Camiño Francés: baixada do Monte do Gozo, San Lázaro e zona de Concheiros; do Camiño Portugués, no tramo que chega ao Mosteiro de Conxo; e do Camiño Inglés, para o tránsito a través do polígono do Tambre e fronte ao cemiterio de Boisaca.

Para este fin, asinouse un protocolo de actuación co Concello de Santiago e outros departamentos da Xunta de Galicia con competencias na materia, como a Axencia de Turismo de Galicia ou a Consellería de Cultura. A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, a través da Axencia Galega de Infraestruturas, adxudicou en setembro de 2017 o expediente de licitación da redacción dos proxectos de construción e control e vixilancia de obras, o que permitiu definir as actuacións redactar os proxectos e iniciar a tramitación de expropiación dos terreos necesarios para a execución das obras.

O Camiño Francés é o Camiño por excelencia xa que é o Camiño polo que transitan máis do 60 % dos peregrinos que se achegan ata Santiago. Ademais, discorre por unha parte



urbana que ten unha alta densidade de tráfico ao ser unha das saídas naturais cara ao norte ou cruzar viarios importantes como a Avenida de Lugo.

Neste sentido, as propostas do equipo redactor do proxecto de adecuación paisaxística deben ter en consideración as particularidades do Camiño Francés en múltiples aspectos, pero particularmente na mobilidade funcional da cidade.

Polo exposto os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en **Comisión**:

1. Que melloras e actuacións concretas recolle o proxecto de integración paisaxística do Camiño Francés á súa entrada en Santiago de Compostela?

Santiago de Compostela, 07 de xaneiro de 2020.

Asinado dixitalmente por:

Maria Antón Vilasánchez na data 07/01/2020 12:00:48

Paula Prado Del Río na data 07/01/2020 12:01:06

Diego Calvo Pouso na data 07/01/2020 12:01:36

Martín Fernández Prado na data 07/01/2020 12:01:52

Jaime Castiñeira Broz na data 07/01/2020 12:02:29

Jacobo Moreira Ferro na data 07/01/2020 12:02:51

Antonio Mouriño Villar na data 07/01/2020 12:03:06

María Julia Rodríguez Barreira na data 07/01/2020 12:03:23

Gonzalo Trenor López na data 07/01/2020 12:03:35

Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 07/01/2020 12:03:44

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



Á Mesa do Parlamento

María Antón Vilasánchez, Martín Fernández Prado, Paula Prado del Río, Diego Calvo Pouso, Jaime Castiñeira Broz, Jacobo Moreira Ferro, Antonio Mouriño Villar, M^a Julia Rodríguez Barreira, Gonzalo Trénor López e Daniel Varela Suanzes-Carpegna, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 2^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servicios.**

Santiago de Compostela, meta dos Camiños de Santiago recibe cada ano miles de peregrinos que, por calquera das rutas xacobeas, se achegan á tumba do Apóstolo.

A peregrinación é unha viaxe persoal e interior a través dun territorio físico que pode condicionar a percepción da propia peregrinación.

En consecuencia, o Partido Popular de Galicia incluíu no programa electoral co que obtivo a confianza maioritaria dos galegos en setembro de 2016, o seguinte compromiso: *“Posta en valor e integración paisaxística dos Camiños de Santiago na entrada a Compostela, para o ano 2020 (porque o ano 2021 será de novo Ano Xubilar)”*; engadindo que *“se desenvolverán as actuacións necesarias e baseadas en criterios paisaxísticos, urbanísticos, culturais, socioeconómicos e de loxística urbana, porque hai que potenciar as oportunidades e os valores actuais dos Camiños de Santiago, e tamén dar resposta ás necesidades do peregrino do século XXI. Para lograr a efectividade destes investimentos sustentables, impulsaranse fórmulas de coordinación transversal entre os diferentes órganos da Xunta de Galicia, da Administración Xeral do Estado e da Administración local”*.

En cumprimento dese compromiso, a Xunta de Galicia, desde a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, a través da Axencia Galega de Infraestruturas, está a impulsar e traballar na integración paisaxística dos Camiños de Santiago no termo municipal de Santiago de Compostela, particularmente no Camiño Francés: baixada do Monte do Gozo, San Lázaro e zona de Concheiros; do Camiño Portugués, no tramo que chega ao Mosteiro de Conxo; e do Camiño Inglés, para o tránsito a través do polígono do Tambre e fronte ao cemiterio de Boisaca.

Para este fin, asinou un protocolo de actuación co Concello de Santiago e outros departamentos da Xunta de Galicia con competencias na materia, como a Axencia de Turismo de Galicia ou a Consellería de Cultura. A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, a través da Axencia Galega de Infraestruturas, adxudicou en setembro de 2017 o expediente de licitación da redacción dos proxectos de construción e control e vixilancia de obras, o que permitiu definir as actuacións redactar os proxectos e iniciar a tramitación de expropiación dos terreos necesarios para a execución das obras.

A Xunta ten reforzado o seu compromiso coa posta en valor dos Camiños, incrementando os obxectivos que se tiña marcado nun principio e ampliando incluso ámbitos de actuación en proxectos concretos.

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



Todo, en aras de acadar a mellora estética e funcional do Camiño para construír unha identidade homoxénea e ofrecer a máxima calidade na experiencia do peregrino.

Polo exposto os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en **Comisión**:

1. Como están a avanzar os distintos proxectos de integración paisaxística dos Camiños de Santiago á súa entrada en Compostela?

Santiago de Compostela, 07 de xaneiro de 2020.

Asinado dixitalmente por:

Maria Antón Vilasánchez na data 07/01/2020 12:14:47

Martín Fernández Prado na data 07/01/2020 12:15:33

Paula Prado Del Río na data 07/01/2020 12:15:50

Diego Calvo Pouso na data 07/01/2020 12:17:03

Jaime Castiñeira Broz na data 07/01/2020 12:17:36

Jacobo Moreira Ferro na data 07/01/2020 12:17:54

Antonio Mouriño Villar na data 07/01/2020 12:18:09

María Julia Rodríguez Barreira na data 07/01/2020 12:18:20

Gonzalo Trenor López na data 07/01/2020 12:18:39

Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 07/01/2020 12:18:50

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



Á Mesa do Parlamento

Martín Fernández Prado, Beatriz Mato Otero Jaime Castiñeira Broz, Jacobo Moreira Ferro, Antonio Mouriño Villar, M^a Julia Rodríguez Barreira, Gonzalo Trénor López, Daniel Varela Suanzes-Carpegna e Diego Calvo Pouso, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 2^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servicios**.

A Vía Ártabra é unha vía fundamental para a área metropolitana da Coruña. Neste sentido, cómpre recordar que o actual Goberno da Xunta puxo en servizo dous treitos da Vía Ártabra en plena crise e recesión económica.

A conexión da Vía Ártabra coa AP-9 é imprescindible para o completo funcionamento desta vía de altas prestacións, para garantir os movementos dos concellos de Oleiros, Sada e Cambre cara a Coruña e viceversa.

Por iso, a Xunta de Galicia está a facer todo o posible para levar adiante esta infraestrutura, desenvolvendo a que tecnicamente se considera a única opción posible de conexión coa AP-9, no enlace da Gándara.

A firme vontade da Xunta de axilizar as obras de conexión desta vía estratéxica coa AP-9, levou a que o Goberno galego decidise desenvolver a actuación en dúas fases: unha primeira entre o enlace da N-VI e a estrada autonómica AC-221; e unha segunda, entre esta última vía e a autoestrada AP-9, que require da autorización do Ministerio de Fomento.

Isto permítelle ao Goberno galego avanzar o inicio das obras nun primeiro tramo da conexión da Vía Ártabra coa AP-9, entre a N-VI e a estrada autonómica San Pedro de Nós-Mabegondo (AC-221), mentres non se resolve a autorización do Ministerio de Fomento da conexión coa Autoestrada do Atlántico.

A Xunta iniciou as obras de execución deste treito da Vía Ártabra no verán, unha vez asinado o contrato das obras e realizado o levantamento de actas de ocupación previa entre os días 19 e 24 de xullo.

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes, formulan as seguintes preguntas orais en **Comisión**:

1. Como están a avanzar as obras de prolongación da Vía Ártabra entre a N-VI e a estrada autonómica AC-221?
2. Cales son as razóns polas que a Xunta aposta pola conexión da AP-9 coa vía Ártabra no enlace da Gándara?
3. Cal é a situación actual ao respecto da conexión coa AP-9?

Santiago de Compostela, 07 de xaneiro de 2020.

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



Asinado dixitalmente por:

Martín Fernández Prado na data 07/01/2020 12:25:59

Beatriz Mato Otero na data 07/01/2020 12:26:35

Jaime Castiñeira Broz na data 07/01/2020 12:27:00

Jacobo Moreira Ferro na data 07/01/2020 12:27:17

Antonio Mouriño Villar na data 07/01/2020 12:27:26

María Julia Rodríguez Barreira na data 07/01/2020 12:27:49

Gonzalo Trenor López na data 07/01/2020 12:28:00

Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 07/01/2020 12:28:09

Diego Calvo Pouso na data 07/01/2020 12:28:22

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



Á Mesa do Parlamento

-A que especies corresponden e cal é o país de procedencia?

-Existe demanda desde o sector marisqueiro para a produción de semente?

-Ten previsto a Consellaría do Mar instalar criadeiras de semente de moluscos bivalvos no litoral galego?

-Cantos criadeiras existen no litoral galego?

-Onde están situados?

-Cantos funcionan?

Santiago de Compostela, 8 de xaneiro de 2020

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Belén Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 08/01/2020 13:03:33

Xosé Luis Bará Torres na data 08/01/2020 13:03:40

Noa Presas Bergantiños na data 08/01/2020 13:03:50

Olalla Rodil Fernández na data 08/01/2020 13:03:58

Xose Luis Rivas Cruz na data 08/01/2020 13:04:07

Ana Pontón Mondelo na data 08/01/2020 13:04:15





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGU

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 8ª**, relativa á situación dos bancos de libre marisqueiro da ría de Arousa.

Recén iniciada a campaña do libre marisqueo na ría de Arousa, atopámonos cunha situación que se ven repetindo desde os últimos anos, que é o desplome da produción, que ningún dos problemas que orixinan o mesmo foi abordado.

Segundo a información aparecida nos medios de comunicación os primeiros días de temporada evidencian unha caída de até 33 toneladas, acompañado co descenso do número de embarcacións que son despachadas cada día faenar nos bancos marisqueiros.

Segundo os datos facilitados polas confrarías, desde principios de outubro o volume de extraccións foi de 11 toneladas de xapónica, 3.5 de berberecho e 8 de babosa, cando por exemplo na campaña 2010-2011 nos Lombos do Ulla na primeira semana foron 20 toneladas de cada especie, ou 13 toneladas de babosa no Bohído.

É unha evidencia que un ano máis as expectativas son nefastas nos bancos de libre marisqueo da ría de Arousa, o que vai supor para o colectivo de mariscadores/as situación de angustia, escaseza de rendas... sen que exista unha estratexia por parte da Xunta de recuperación das poboacións de moluscos bivalvos na Ría, nin medidas concretas contra a perda de ingresos dos colectivos de mariscadores/as producida pola falta de capturas.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por estas razóns fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 8ª:

-Que medidas adoptou a Xunta de Galiza para evitar que a campaña de libre marisqueo 2018-2019 fora máis un ano nefasta?

-Cal foi a estratexia de recuperación das poboacións de moluscos bivalvos na ría de Arousa realizada pola Consellaría do Mar?

-Que medidas se levaron a cabo de rexeneración dos bancos?

-Que medidas vai adoptar a Consellaría do Mar diante da perda de ingresos dos colectivos de mariscadores/as pola falta de capturas?

Santiago de Compostela, 8 de xaneiro de 2020

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 08/01/2020 13:05:08

Xosé Luis Bará Torres na data 08/01/2020 13:05:16

Noa Presas Bergantiños na data 08/01/2020 13:05:35

Olalla Rodil Fernández na data 08/01/2020 13:05:44

Xose Luis Rivas Cruz na data 08/01/2020 13:05:54

Ana Pontón Mondelo na data 08/01/2020 13:06:02





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Olalla Rodil Fernández, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 8ª**, relativa á adopción de medidas para acadar a autosuficiencia de Galiza en materia de produción e subministro de semente de moluscos bivalvos para o impulso de actividade marisqueira.

Galiza é unha potencia na produción de marisco, atendendo ao volume de capturas, a súa extraordinaria calidade e, fundamentalmente á importancia económica, social e de emprego que esta actividade representa na nosa nación. Precisamente por estas razóns resulta difícil entender a absurda situación de dependencia do subministro de semente de moluscos bivalvos en grande parte dos bancos marisqueiros galegos.

O BNG considera prioritario rematar coa dependencia que mantén Galiza a respecto da semente producida fora que, á marxe das distorsións do mercado ou do problema que representa a introdución de especies alóctonas, certifica a existencia dun outro problema, neste caso estrutural, que impide o desenvolvemento pleno do sector marisqueiro galego.

A recuperación do noso marisco, como inequivocamente galego, recoñecendo e garantindo a súa orixe, a marca de calidade e prestixio que a procedencia galega outorga, debe ser obxectivo da Consellaría do Mar.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Polas razóns expostas formúlanse as seguintes preguntas para a súa resposta oral na Comisión 8ª:

-Que cantidade anual de semente se importa, como media, con destino aos bancos marisqueiros galegos?

-A que especies corresponden e cal é o país de procedencia?

-Existe demanda desde o sector marisqueiro para a produción de semente?

-Ten previsto a Consellaría do Mar instalar criadeiras de semente de moluscos bivalvos no litoral galego?

-Cantos criadeiras existen no litoral galego?

-Onde están situados?

-Cantos funcionan?

Santiago de Compostela, 8 de xaneiro de 2020

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Luis Bará Torres

Olalla Rodil Fernández

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 08/01/2020 13:08:00

Xosé Luis Bará Torres na data 08/01/2020 13:08:08

Noa Presas Bergantiños na data 08/01/2020 13:08:16

Olalla Rodil Fernández na data 08/01/2020 13:08:25

Xose Luis Rivas Cruz na data 08/01/2020 13:08:33

Ana Pontón Mondelo na data 08/01/2020 13:08:40



Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Vázquez Verao e Luís Villares Naveira, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario Mixto**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 4ª**

A páxina web da Policía “Nacional” (<https://www.policia.es/>) só se presenta en versión castelán, non tendo versión en lingua galega.

Ante unha queixa cidadá sobre esta cuestión, o Defensor del Pueblo remitiu unha comunicación á Dirección Xeral da Policía, que emitiu un informe no que se indica o seguinte:

“En informes anteriores se contestó que se estaba trabajando en un proxecto de web oficial que cumprira todos los estándares de accesibilidad y usabilidad, así como la inserción de las lenguas cooficiales de nuestro país, en las secciones correspondientes.

A fecha 17 de septiembre de 2019 no se ha producido ninguna novedad respecto de la implementación de las lenguas cooficiales en la web oficial de la Policía Nacional, si bien es un objetivo para el próximo año, que deberá llevarse a cabo de forma escalonada, al ser bastante ardua la labor debido al amplio volumen de información a traducir en las citadas lenguas cooficiales.

No obstante, una vez llevado a cabo el desarrollo de dicho proyecto, se le dará la publicidad adecuada a través de la Oficina de Prensa y Relaciones Informativas de la Dirección General de la Policía”.

A inicios de ano 2020, a páxina web citada aínda continúa estando só en castelán.



Polo exposto, a deputada e o deputado que subscriben formulan a seguinte pregunta á Xunta de Galicia:

- Coñece a Xunta o proxecto de implementar as linguas cooficiais na web da Policía?
- Pediu a Xunta á Policía nalgunha ocasión que a súa web estivese en lingua galega?
- Vai a Xunta interesarse pola marcha do proxecto de dispoñer da web da Policía en lingua galega?

Santiago de Compostela, 8 de xaneiro de 2020.

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Luís Villares Naveira

Deputada e deputado do G.P. Mixto.

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 08/01/2020 13:23:39

Luis Villares Naveira na data 08/01/2020 13:23:45



Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Vázquez Verao, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario Mixto**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 5ª**

O 30 de setembro de 2019, a Comisión Interministerial de Prezos dos medicamentos acordou a financiación de medicamentos entre os que se incluía o Champix, a partir do 1 de xaneiro, para a deshabitación tabáquica, indicando que “para realizar la prescripción del medicamento los pacientes deben estar incluidos en un *programa de apoyo (individual y/o grupal) de deshabitación tabáquica* que esté implementado en la CCAA/ INGESA o Mutualidades”. O 30 de outubro, dita Comisión facía o mesmo co Zyntabac,

Un estudo amosou que o financiamento destes tratamentos mellora a taxa de abandono do tabaquismo. Ademais, a Sociedade Española de Medicina Familiar e Comunitaria (semFYC) posiciónouse a favor desta medida e de que tamén se incluía no financiamento a Terapia Substitutiva de Nicotina.

A medida de financiamento do Champix e do Zyntabac estaría en marcha o 1 de xaneiro de 2020.

Sen embargo, en Galiza, as médicas e médicos do SERGAS non tiña, a esa data, ningunha instrución ao respecto, máis que a información sobre o financiamento de fármacos para a deshabitación tabáquica con principios activos de vareniclina e bupropion,

Indicábase, na única información achegada polo SERGAS ás e aos facultativos, que a financiación destes medicamentos está condicionada por unha serie de condicións, entre elas, que as e os pacientes estean incluídos nun “programa de apoio de deshabitación tabáquica” que estea implementado na Comunidade Autónoma.



Sen embargo, ditos programas non están desenvolvidos polo SERGAS con antelación, indicando o SERGAS que se difundirá dito programa en vindeiros días.

A realidade é que o SERGAS non cumpriu coa súa obriga de implementar dito programa de deshabitación, nin ten previsto que profesionais se van encargar de dito programa nin que tipo de controis se farán para avaliar a efectividade, ou que tipo de avaliación global do programa se vai implementar.

Polo exposto, a deputada que subscribe formula a seguinte pregunta á Xunta de Galicia, para a súa resposta oral na Comisión 5ª:

- Como é posible que a Consellería de Sanidade sexa tan ineficaz que, tendo de tempo desde o 30 de setembro e sabendo que o financiamento dos medicamentos se iniciaría o 1 de xaneiro, non teña informado ás e aos facultativos de como cumprir as condicións de financiamento dos fármacos vareniclina e bupropion para o tratamento do tabaquismo?
- Que entende o SERGAS por tal programa?
- Como se vai regular a inclusión do/a paciente interesada nos novos fármacos nun programa de deshabitación?
- Que profesionais se van encargar do desenvolvemento dos novos programas de deshabitación tabáquica?
- Que tipo de controis se van impulsar para avaliar a efectividade dos programas? Vaise medir monóxido de carbono mediante cooximetría?
- Que tipo de rexistro e de mecanismo de avaliación global van ter estes programas?

Santiago de Compostela, 8 de xaneiro de 2020.



Asdo.: Paula Vázquez Verao
Deputada do G.P. Mixto.

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 08/01/2020 13:37:59





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, relativa á situación de precariedade do persoal das residencias dependentes da Consellaría de Política Social.

A Secretaria Nacional de CIG Autonómica ven de dirixir un escrito aos grupos parlamentares do Parlamento Galego co contido que a continuación se transcribe:

“A situación de deterioro xeral nas prestacións que están a recibir as persoas maiores usuarias de residencias da terceira idade e centros de día xestionados directamente pola Xunta de Galiza, fundamentalmente polas condicións laborais dos empregados públicos que manteñen este servizo, que se especifican nas seguintes cuestións:

1. O persoal das Residencias de Maiores está a traballar nunhas condicións de sobre esforzo e carga de traballo moi elevado co conseguinte risco de estres laboral. Isto sucede como consecuencia duns cadros de persoal insuficientes para cubrir as necesidades das persoas usuarias. Para a CIG no se trata dunha cuestión puntual tanto no tempo como nos centros e residencias, senón que é xeneralizara. Así a ese sobreesforzo ao que se ve sometido o persoal traballador supón en definitiva unha auténtica explotación laboral.



2. Esta Consellaría ten o índice de sinistralidade laboral maior de toda a Xunta de Galiza, superando a Medio Rural cos bombeiros forestais, e tamén unha porcentaxe de baixas por incapacidade laboral por enriba da media de calquera outro departamento da Administración Autonómica. Supoñemos que moitas destas baixas por IT son consecuencia da carga de traballo o enfermidades relacionadas co traballo a quendas, infeccións bacterianas ou víricas derivadas do traballo con menores ou anciáns, ou incluso trastornos músculo-esqueléticos repetitivos, mal derivados ou non recoñecidos polas mutuas. Como exemplo algunhas residencias teñen hoxe o 20% do seu cadro de baixa, en moitos casos por accidentes laborais e enfermidades comúns derivadas dos esforzos músculo-esqueléticos (Residencias de Maiores de oleiros, Residencias de Maiores de Volta do Castro, Centro Residencial de persoas dependentes de Vigo, etc.)

3. O Cambio de posto de trabalo para adaptación por causas derivadas da saúde logo de accidentes laborais ou simplemente polo traballo continuado, unida á propia idade do persoal, está a medrar de xeito considerable. A Xunta a pesar de ser coñecedora desta situación no implementa medidas de calado para minimizar o risco de lesións. Para a CIG as medidas par mobilización das persoas usuarias como poden ser un mellor equipamento, formación, etc., non poden obviar a necesidade de aumentar o cadro de persoal.

4. Os postos adaptados porque as persoas que os ocupan non teñen as condicións físicas ao 100% e necesitan un apoio para realizar as súas funcións (e non teñen material de axuda axeitado) fai que se sobrecargue ao persoal que si pode. A Xunta nestes casos tampouco realiza a contratación de persoal de reforzo.

5. As categorías máis afectadas por estas situacións son as de enfermería, auxiliares de enfermería e camareiras-limpadoras. Pero os cadros a mínimos tamén son



os do persoal ordenanza, de cociña ou equipos multidisciplinares. Chegamos ao caso de que hai centros que teñen que deixar de facer actividades ocupacionais ou de animación por esta falta de persoal. Noutros casos queda sen control de acceso a entrada dos centros, con por exemplo sucede na Residencia da Pobra do Caramiñal e no centro de menores de Carballeira en Ourense onde a recepción queda baleira durante os fins de semana ou festivos xa que non hai quen atenda.

6. A suspensión do artigo 19 do V Convenio Único para o persoal laboral supuxo que dende a lei de medidas de 2012 (que foi prorrogada nas sucesivas leis de orzamentos) nas carteleiras de traballo desapareceron os descansos adicionais por traballo a quendas e os directos por traballo en fin de semana e festivos, aumentando a carga horaria de xeito considerable.

7. A falta de persoal de enfermería e auxiliar de enfermería nas listas de agarda para as contratacións temporais son mostra e resultado desta carga de traballo e unhas malas condicións laborais e salariais xa que o persoal auxiliar de enfermería e enfermeiras/os das listas de contratación prefiren acudir ao SERGAS. Isto baleira de facto moitas listas provinciais provocando chamados irregulares o directamente ilegais como aconteceu neste verán 2019 nos centros da provincia da Coruña, onde non houbo ningún procedemento público de selección, incumprindo os principios de mérito, igualdade e capacidade para o acceso á función pública e que así foi denunciado pola CIG.

8. É necesario un dimensionamento axeitado do persoal ás novas condicións das persoas usuarias e centros. O decreto de rateos de persoal é do ano 2005 para os centros de menores e 2007 para os centros de maiores, e dende aquela os usuarios e características dos centros mudaron (a lei do menor é diferente e a tipoloxía de usuarios tamén, indo cara persoas politoxicómanas e con patoloxías diversas). Nos





BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

centros de maiores tamén, xa que a día de hoxe poden ingresar nos centros persoas con problemas psiquiátricos, independentemente da idade, o que fai que a atención teña que cambiar e para o que o persoal non está adecuadamente formado. Todo isto repercute tamén directamente na carga de traballo e na calidade do servizo proporcionado.

Dende a representación sindical da CIG-Autonómica do persoal laboral que traballa en residencias de maiores, centros de atención a persoas dependentes e centros de menores consideramos que o PARLAMENTO DE GALIZA é o lugar onde a conselleira responsable desta xestión, Fabiola García Martínez, debe dar explicacións desta situación. É insostible alongar no tempo durante tantos anos a necesaria ampliación do cadro de persoal que fai que xunto coa falla de cobertura de ausencias e contratacións “a dedo”, a Xunta de Galiza está a deteriorar gravemente a prestación dos servizos públicos e a incidir moi negativamente na seguridade e saúde do persoal.

Por todo o anterior reiteramos a solicitude de comparecencia por ía de urxencia á Conselleira de Política Social no Parlamento Galego para explicar a que se deben os numerosos recortes efectuados e a non ampliación dos cadros de persoal de acordo a un dimensionamento en base a rateos xustas segundo centros e persoas usuarias, que non comprometan a seguridade e saúde do persoal traballador en Política Social, que están a incidir negativamente nunha prestación digna e de calidade nos centros de persoas maiores e nos centros de menores da Xunta de Galiza.”

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego fai propia a demanda que realiza CIG-Autonómica e por esa razón presenta as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Non lle parece que a situación que se describe sobre a situación do persoal que presta servizos nas Residencias dependentes da Consellaría de Política Social é de suficiente gravidade para que @s máxim@s responsábeis da mesma teñan que dar explicacións en sede parlamentar?

Van proceder ao dimensionamento preciso dos cadros de persoal, de xeito que as rateos se adapten tanto ao número como as novas tipoloxías de usuari@s e deixen de comprometer a seguridade e saúde do persoal traballador e a calidade asistencial que se presta?

Vai incluír no orzamento da Xunta para o ano 2020 as partidas orzamentarias precisas para este fin?

Considera que as persoas que están nas residencias dependentes da Consellaría de Política Social poden estar recibindo unha atención de calidade cos déficits de persoal descritos?

Cando vai proceder a eliminar a suspensión do artigo 19 do V Convenio Único para o persoal laboral?

Santiago de Compostela, 8 de xaneiro de 2020

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Olalla Rodil Fernández

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 08/01/2020 13:39:35

Xosé Luis Bará Torres na data 08/01/2020 13:39:43

Noa Presas Bergantiños na data 08/01/2020 13:39:50

Olalla Rodil Fernández na data 08/01/2020 13:39:59

Xose Luis Rivas Cruz na data 08/01/2020 13:40:07

Ana Pontón Mondelo na data 08/01/2020 13:40:16



Á MESA DO PARLAMENTO

Antón Sánchez García e Marcos Cal Ogando, deputados do Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2.^a**, sobre a situación que se está a dar na canteira de Casalonga, en Teo.

As operacións de restauración da canteira de Casalonga pasaron recentemente por un procedemento de participación pública e avaliación ambiental: “Plan de restauración da concesión de explotación “Casalonga II” N° 6996”, con número de expediente 2019/0104”, mais, a día de hoxe, non existe constatación de resolución algunha por parte da Administración.

Diversos colectivos ecoloxistas e plataformas veciñais, como a Plataforma Casalonga Limpa de Residuos, veñen denunciando que os chamados traballos de restauración da antiga canteira de Casalonga levan encuberta a creación dun megavertidoiro en ditos terreos.

Nos anos transcorridos dende o cese da explotación da canteira ata a actualidade, produciuse unha rexeneración natural do espazo, xurdindo neles unha lagoa poboada de rica fauna e tupida vexetación de ribeira. Podemos falar dun auténtico proceso de restauración ambiental.

Detectouse recentemente que a empresa propietaria dos terreos iniciou traballos de baleirado da lagoa, mediante verquido directo desta masa de auga a Dominio Público Hidráulico. Esta situación foi denunciada pola Plataforma Casalonga limpa de Residuos e desembocou na apertura dun expediente sancionador por



parte de Augas de Galicia.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar Grupo Común da Esquerda presenta as seguintes preguntas:

- Ten constancia o Goberno galego, a día de hoxe, de que se detivera realmente o verquido ao Dominio Público Hidráulico das augas procedentes da lagoa?
- Pensa facer a Xunta de Galicia algún tipo de estudo para analizar o posible caso de contaminación biolóxica augas abaixo, tal e como se denuncia dende os colectivos medioambientais?
- Vai a Xunta de Galicia a tomar en conta o milleiro de alegacións ambientais presentadas?
- Vai a Xunta de Galicia permitir que se sigan facendo traballos de voaduras nos terreos referidos, antes de saber cal é o dano que se pode producir no hábitat da lagoa?
- Pensa a Xunta de Galicia que a restauración que poida levar a cabo a empresa Toysal é mellor que a propia rexeneración que xa aconteceu? En caso afirmativo, en que basea esta opinión?

Santiago de Compostela, 8 de xaneiro de 2020.

Asdo.: Antón Sánchez García

Marcos Cal Ogando

Deputados do G.P. Grupo Común da Esquerda

Asinado dixitalmente por:

Grupo Parlamentar
Grupo Común da Esquerda

+ 981 551 584
gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal





GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

Antón Sánchez García na data 08/01/2020 12:43:51

Marcos Cal Ogando na data 08/01/2020 12:44:00



Á MESA DO PARLAMENTO

Antón Sánchez García e Marcos Cal Ogando, deputados do Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2ª**.

No Porto de Cariño levouse a cabo un dragado tras múltiples demandas da poboación local e do sector que depende socioeconomicamente do mar. Malia que ese dragado se considera necesario, existe preocupación por parte da poboación dado que é coñecido que a ría do Ortegaleira é un depósito habitual de metais como o níquel e o cromo, entre outros, en elevadas concentracións.

É ben sabido que o complexo xeolóxico de Ortegaleira é rico nestes minerais. E non se pode obviar que nunha das parroquias do Concello de Cariño, Landoi, sitúase unha mina de explotación de dunita a ceo aberto, mineral que é transportado por terra a diario, utilizando o transporte pesado ata o Porto de Cariño, onde se acumula para o seu posterior traslado por mar a fundicións.

Existen outros elementos que preocupan á poboación, como a alarmante e evidente diminución de determinadas capturas de especies, en especial dos bivalvos, nas áreas de marisqueo como Sismundi e Figueiroa, constatados nos rexistros da Consellería do Mar (Intecmar, Pescadegalicia). Así, por exemplo, dun total de 5849 quilos de ameixa fina recollidos no 2001 pasouse a 685 no 2019. Se observamos outras especies, como o berberecho, pasouse de 4120 no 2006 a 220 quilos no 2013, non recolléndose ningún quilo na actualidade. No que respecta á ameixa xaponesa as capturas decreceron de 14.000 quilos a 82 entre os anos 2001 e 2018.



Os e as habitantes do concello de Cariño identifican cambios morfolóxicos no calado da ría tremendamente substancial: presenza de lodos en Feás e Sismundi e en todo o interior da ría, de modo que lugares onde se teñen construído e botado barcos (carpinterías de ribeira) xa non resultan accesibles ás embarcacións. O depósito de sedimentos cobre o fondo mariño, que sufriu un empobrecemento ostensible. Os e as habitantes do concello de Cariño identifican cambios morfolóxicos no calado da ría tremendamente substancial: presenza de lodos en Feás e Sismundi e en todo o interior da ría, de modo que lugares onde se teñen construído e botado barcos (carpinterías de ribeira) xa non resultan accesibles ás embarcacións. O depósito de sedimentos cobre o fondo mariño, que sufriu un empobrecemento ostensible.

Outra circunstancia a valorar no estado de conservación medioambiental da ría é o depósito dos residuos tóxicos e perigosos (Prestige e outros) no concello veciño de As Somozas, por onde transcorre o río Mera, que drena tamén á ría do Ortegal. Outra circunstancia a valorar no estado de conservación medioambiental da ría é o depósito dos residuos tóxicos e perigosos (Prestige e outros) no concello veciño de As Somozas, por onde transcorre o río Mera, que drena tamén á ría do Ortegal. O pasado ano, no Congreso da Asociación técnica de puertos y costas, unha ponencia facía alusión literal ao “Dragado del Puerto de Cariño: Caso de gestión de materiales de categoría C con anomalías geoquímicas”. Revisando as “Directrices para la caracterización del material dragado y su reubicación en aguas del dominio público marítimo-terrestre” do Ministerio de Agricultura, Alimentación y Medio ambiente e a Comisión Interministerial de Estrategias marinas, podemos observar como os materiais catalogados como C son considerados tóxicos, e, polo tanto, deben serlles aplicadas técnicas de confinamento e tratamento, así como ser obxecto de vixilancia ambiental.



Debemos ter en conta que, malia que formalmente só se considera “contaminación” (Clark, 2001) aquela que ten orixe na actividade humana, hai que considerar outro enfoque se falamos das repercusións na saúde humana (que é unha das máis relevantes consecuencias): o dos niveis sobre os seres vivos do cromo e o níquel (e outros metais).

A administración estadounidense para o control da atmosfera e os océanos (NOAA) establece dúas medicións de metais nos sedimentos costeiros que se correlacionan coa toxicidade para os seres vivos, o ERL e o ERM. Pois ben, na ría do Ortegal, estes niveis son de 81 e 370 mg/kg para o cromo e 21-52 mg/kg para o níquel, respectivamente. correlacionan coa toxicidade para os seres vivos, o ERL e o ERM. Pois ben, na ría do Ortegal, estes niveis son de 81 e 370 mg/kg para o cromo e 21-52 mg/kg para o níquel, respectivamente.

“En base a estas referencias, os seres vivos que vivan na plataforma costeira do Ortegal poderían sufrir danos que afectaran ao 60-90% da poboación. A fin de establecer con rigor a toxicidade deste sedimento, habería que realizar unha extracción secuencial para determinar a labilidade dos metais e realizar experimentos de ecotoxicidade”.

Esta afirmación literal é sostida por un estudio realizado polos investigadores Prego (CSIC) e Caetano no ano 2015 e publicada co nome El impacto biogeoquímico de Cabo Ortegal en su entorno costero: ¿puede ocurrir una contaminación natural por cromo y níquel? Investigación, Cultura, Ciencia y Tecnología 7(14): 40-46 (2015), Universidade de Vigo.

Por este motivo, os deputados asinantes presentan as seguintes preguntas:

-Cales son os resultados en termos analíticos das mostras tomadas, con ocasión



dalgún verquido, polo SEPRONA e por Augas de Galicia nos ríos Seixo, Lourido e Mera?

-Que explicación lle atopa a Consellería do Mar á desaparición de múltiples especies de bivalvos nas áreas de marisqueo de Sismundi e Figueiroa e na ría do Ortegal en xeral?

-Desenvolveuse por parte da Xunta de Galicia algún estudo para coñecer como afecta á saúde das persoas do Ortegal a elevada concentración de Cromo e Níquel?

-Cales son as concentracións de cromo e níquel en aire ambiente?

-Realizouse algún estudo por parte da Xunta de Galicia, tal como recomendaba o CSIC no 2.015, da toxicidade da elevada concentración de metais na ría do Ortegal sobre os seres vivos?

-Existe algunha documentación sobre o efecto adicional da mina de dunita sobre os niveis de metais na ría de Ortegal?

- Que control se fai das balsas de decantación da mina de dunita ante a posibilidade de desbordamento coa contaminación secundaria?

-Cales son os mecanismos de control medioambiental que teñen sobre a comarca de Ortegal, a mina de dunita de Landoi e a planta das Somozas?

-Que valoración fai a Xunta de Galicia da situación ambiental da Ría do Ortegal?

Santiago de Compostela, 8 de xaneiro de 2020.

Asdo.: Antón Sánchez García

Marcos Cal Ogando

Deputados do G.P. Grupo Común da Esquerda.



GRUPO COMÚN DA ESQUERDA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/01/2020 13:46:19
Nº Rexistro: 61101
Data envío: 08/01/2020 13:46:19.325

Asinado dixitalmente por:

Antón Sánchez García na data 08/01/2020 12:28:59

Marcos Cal Ogando na data 08/01/2020 12:29:10



Á MESA DO PARLAMENTO

Antón Sánchez García e Marcos Cal Ogando, deputados do Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2.^a**

No DOG de 24 de xullo de 2019 publícase a RESOLUCIÓN de 15 de xullo de 2019, pola que se da publicidade da relación das persoas ou entidades beneficiarias de varios programas de axudas concedidos ao amparo das convocatorias realizadas no ano 2018 polo IGVS.

Dentro desas convocatorias atopábase a Norma reguladora da convocatoria da Orde de 14 de marzo de 2018 pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións do Programa Rehaluga dirixidas ás persoas propietarias ou usufrutuarias das vivendas en trámite de incorporación no marco do Programa de vivendas baleiras, e si procede a súa convocatoria para o ano 2018.

E na resolución facíase constar que por medio desa orde, e no ano 2018, só foron concedidas dúas axudas por un montante total de 6986 euros sobre un orzamento posible de 130.000 euros, o que significa un 5,37% do orzamentado.

No ano anterior, sendo o orzamento inicial superior, só se executou un 3,32% do orzamentado concedéndose axudas por un montante de 10.499 euros.

Os resultados do Programa de vivendas baleiras promovido pola Xunta de Galicia son un absoluto fracaso, si o obxectivo era mobilizar vivendas para alugar a prezos sociais.

Entre os 69 concellos adheridos a este programa non suman nin media vivenda por concello o que mostra a ineficacia dos plantexamentos do Goberno galego.

Mentres isto acontece, en Galiza medran os prezos dos alugueres e medran tamén



os desafiuzamentos por impago de aluguer.

Por iso, precísanse, máis que nunca, políticas efectivas na defensa do dereito a unha vivenda digna, e precísanse medidas eficientes para a creación dun parque público de vivenda que de resposta á crecente demanda de vivenda en aluguer social, e que sirva tamén como elemento regulador dos prezos do mercado libre.

Por todo elo, o Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda presenta as seguintes preguntas para resposta oral en Comisión:

- 1) Que balance fai dos resultados destes tres anos de Programa de Vivendas Baleiras?
- 2) Teñen pensado rectificar e modificar as súas políticas para a mobilización de vivendas baleiras?
- 3) Cal cree que debe de ser o número de vivendas do parque público de alugueiro social?
- 4) Como pensa dar resposta aos 10.000 demandantes do rexistro que demandan vivenda en alugueiro?
- 5) Que medidas creen prioritarias para garantir o dereito de todas as galegas e galegos a unha vivenda digna?

Santiago de Compostela, 8 de xaneiro de 2020.

Asdo.: Antón Sánchez García

Marcos Cal Ogando

Deputados do G.P. Grupo Común da Esquerda.



GRUPO COMÚN DA ESQUERDA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/01/2020 13:46:45
Nº Rexistro: 61102
Data envío: 08/01/2020 13:46:45.153

Asinado dixitalmente por:

Antón Sánchez García na data 08/01/2020 12:48:16

Marcos Cal Ogando na data 08/01/2020 12:48:26

CSV: BOPGDSPGJGNgDmXq9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentar
Grupo Común da Esquerda

+ 981 551 584
gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal

Á MESA DO PARLAMENTO

Antón Sánchez García e Marcos Cal Ogando, deputados do Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7.^a**

Si se observan os datos do Instituto Galego de Estatística sobre os principais produtos hortícolas dos que hai rexistros, entre 2009 e 2017, observamos que practicamente todos eles baixan a súa produción.

Tomate, feixón verde, cebola e repolo descenden de xeito importante e só a leituga mantén a mesma produción.

O descenso da produción do tomate en Galiza é de 7.768 toneladas, o que significa un descenso do 7,5% da produción.

A produción da cebola descende un 24,90% e 10.061 tms, o feixón 6.880 tms e un descenso do 12%, e o repolo perde 20.423 tms de produción cun descenso porcentual dun 25%.

Son importantes descensos que non se ven compensados polo incremento do 2,1% da produción de leituga que significan 525 tms.

En troques as importacións de legumes, hortalizas e tubérculos incrementáronse neses mesmos anos un 45%.

Tendo Galiza como ten un grande potencial de desenvolvemento dunha horticultura de calidade e diversificada non se deberían obviar estes datos.

A administración debe de diagnosticar esta realidade e plantexar liñas de traballo que corrixan estas situacións.

A potenciación deste tipo de cultivos é unha oportunidade de creación de



GRUPO COMÚN DA ESQUERDA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/01/2020 13:51:33
Nº Rexistro: 61103
Data envío: 08/01/2020 13:51:33.233

emprego, riqueza e fixación de poboación no rural.

Por todo o exposto o Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda presenta as seguintes Preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

- 1) Cales cree que son as razóns que explican estes datos?
- 2) Considera necesario elaborar e aprobar dun xeito participativo un Plan de Fomento da Horticultura galega co obxectivo de revertir esta dinámica creando oportunidades de futuro no agro galego?

Santiago de Compostela, 8 de xaneiro de 2020.

Asdo.: Antón Sánchez García

Marcos Cal Ogando

Deputados do G.P. Grupo Común da Esquerda.

Asinado dixitalmente por:

Antón Sánchez García na data 08/01/2020 13:50:42

Marcos Cal Ogando na data 08/01/2020 13:50:52



Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Vázquez Verao, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario Mixto**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 4ª**.

A Orquestra Sinfónica de Galicia é unha das mellores orquestras do Estado.

Compoñen a orquestra setenta e nove instrumentistas, a quen se suman outras tantas da Orquestra Xoven e rapaces e rapazas da Infantil, ademais de oitenta e cinco persoas do Coro da Sinfónica, outras tantas do Coro Xoven e do Coro Infantil. Súmanse ademais vinte persoas da equipa técnica e administrativa.

Creada en 1992 polo Concello da Coruña, onde ten a súa sede, participa a nivel internacional nas mellores salas e ciclos de concertos.

O seu financiamento corre a conta do Concello da Coruña, Xunta e Deputación.

Un grupo de persoas amigas da Orquestra Sinfónica de Galicia na Coruña está a promover unha campaña perante a Xunta solicitando máis fondos para esta entidade, dado que dende 2009 se reduce a achega da Xunta á orquestra. Deste xeito, denuncian que a Xunta deixou de ingresar uns 5 millóns de euros dende 2009, o que fixo cancelar proxectos.

Así, a Xunta leva dende 2010 sen cumprir o pacto de financiamento da OSG, pois dende 2011, o Departamento de Cultura destina menos de tres millóns de euros, que era a cantidade mínima conveniada dende 2005, e en 2020 quédase en 2,7 millóns.

O propio Director da OSG, Dima Slobodeniouk, advertía da situación de perigo na que se atopa a formación, indicando que co Orzamento actual non se pode planificar. Así as cousas, coa redución orzamentaria da Xunta ponse en perigo a viabilidade da OSG.



A Orquestra Sinfónica de Galicia supón un enorme valor cultural para a cidade da Coruña, con milleiros de persoas que cada tempada acoden aos seus concertos (máis de 43.500 na última tempada), con milleiros de alumnos e alumnas dos colexios e institutos que poden presenciar os ensaios da Orquestra e cunha programación de gran calidade, premiada e recoñecida co feito de que a súa canle de YouTube sexa a máis vista do sector no Estado e unha das máis visitadas en Europa.

Que a Coruña e Galiza conten con esta Orquestra supón, ademais, un elemento esencial de cultura e formación musical de primeiro nivel.

A situación da Orquestra Sinfónica de Galicia é de sobra coñecida pola Xunta, tanto a través do Concello da Coruña no presente e anterior mandato como por parte de amigos e amigas da OSG que lle trasladaron misivas ao Conselleiro de Cultura.

Polo exposto, a deputada que subscribe formula a seguinte pregunta á Xunta de Galicia, para a súa resposta oral na Comisión 4ª:

- Vai cumprir co pacto de financiación da OSG?
- Vai aumentar os fondos da OSG?
- Que opinión lle merece a situación actual da OSG, tendo que cancelar proxectos de primeiro nivel por falta de fondos?
- Vai evitar o desmantelamento da OSG?

Santiago de Compostela, 8 de xaneiro de 2020.

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Deputada do G.P. Mixto.





Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Veroa na data 08/01/2020 13:50:40



ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO

2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS

2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR

2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO


3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

4.1. INFORMACIÓNS

4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

